

Diferenzas entre países

Os berberechos producen un forte sentido de identidade construído a través da historia, o patrimonio e a asociación cultural da xente do mar con este importante recurso.



Presente vs. pasado

Nos países do norte, como Reino Unido e Irlanda, a recolección de berberechos é unha actividade das comunidades vinda a menos. As conexións culturais co berberecho foron máis fortes no pasado que no presente.

Nos países do sur, como España e Portugal, as pesquerías de berberechos, seguen estando fortemente integradas nas comunidades costeiras.

COCKLES

O proxecto COCKLES recopilou evidencias e datos dos 5 países socios: Portugal, España, Francia, Irlanda e o Reino Unido, para demostrar o importante papel que xoga o berberecho común* no aprovisionamento, na regulación e na provisión de servizos culturais e de apoio.

*O berberecho común é *Cerastoderma edule*



Co-Operation for Restoring
Cockle SheLifisheries
and its Ecosystem Services
in the Atlantic Area (AA)

Servizos culturais

Proporcionados polo berberecho



→ Patrimonio cultural

Os vínculos culturais cos berberechos van moito máis aló das súas pesquerías, forman parte do tecido das comunidades costeiras.

A palabra berberecho trae imaxes da costa, aparece en nomes de rúas, restaurantes,

lugares e incluso cabalos de carreiras.

En toda Europa a colleita do berberecho forma parte da identidade cultural das comunidades costeiras.

Hai moitas receitas locais de berberecho ao longo do Atlántico como por exemplo as empanadas tradicionais en Galicia.

O folclore que xira o redor do berberecho aparece en cancións como a coñecida canción popular irlandesa Molly Malone.



→ Inspiración nas artes

O berberecho foi unha rica fonte de inspiración ao longo do tempo e segue inspirando aos artistas na actualidade.



A cerámica cardial, do período Neolítico, foi un estilo decorativo da cunca mediterránea, que utilizaba a impresión de cunchas de berberecho*

Hoxe en día, os berberechos son a miúdo representados en esculturas como as que se atopan en Aveiro, Portugal.



→ Lecer é ecoturismo

Moitos festivais mariñeiros dedícanse aos berberechos, apoiando así un sector turístico en auxe.



**Cerastoderma glaucum* e *C. edule*.

→ Recursos educativos

Numerosos materiais educativos e actividades de divulgación están baseadas no berberecho.



→ Sentido de pertenza

Os cinco países contan con recordos da infancia sobre xogos coas cunchas así como a súa recolección e degustación en receitas locais. Todo isto forma parte do "sentido de pertenza".

→ Estética

As cunchas de berberecho úsanse como elementos decorativos en muros tanto modernos como antigos, torres, grutas, igrexas, xardíns, xoias e na decoración de Nadal.



→ Espiritual e relixioso

Segundo os arqueólogos, as cunchas colocadas na entrada dos monumentos funerarios empregáronse para disuadir aos malos espíritos e manter o lugar libre de desgrazas.